



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE AGOSTO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e un de agosto de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asiste e presenta escusa dona Leonor Fernández Grande.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Boletíns e correspondencia

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Corrección de erros. Orde do 2 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 155, do 14 de agosto de 2018).

- Escrito de don Juan Maria Abalo Cástex, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada o día 17 de agosto de 2018, co número 0/5777, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dende o día 17 de agosto ao 9 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos.

2º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 10 ao 14 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1640/2017 e remata coa resolución da alcaldía número 1688/2017, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
1640/2018	10/08/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de agosto de 2018
1641/2018	10/08/2018	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao primeiro trimestre de 2018
1642/2018	10/08/2018	Concesión axuda alimentación. Solicitante: GLVT
1643/2018	10/08/2018	Procedemento abreviado infracción tributaria por incumprir IC, S.A.U a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada pcl 7/2017
1644/2018	10/08/2018	Resolución sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial (LADC)
1645/2018	10/08/2018	Aprobación da actividade denominada XII Xuntanza do Maior; das súas características, contidos e condicións de desenvolvemento
1646/2018	10/08/2018	Procedemento abreviado infracción tributaria por incumprir CGyE, S.A. a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada pcl 10/2017
1647/2018	10/08/2018	Conceder a a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos. Inscibir o can identificado como Odín, de raza Pitbull, sexo Macho e microchip número 941000018928214, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: CM ^º SU
1648/2018	10/08/2018	Procedemento abreviado infracción tributaria por incumprir IEdeE, S.A.U. a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada pcl 12/2017
1649/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución ao M de F para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Mercurín, Ancéis, existencia de piñeiros e eucaliptos a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación
1650/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de AVR para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Vilar, Sigrás,- existencia de acacias a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación
1651/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a dona Hortensia García Pedreira para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Mercurín, Ancéis, - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1652/2018	13/08/2018	Denuncia por arboredo próximo a vivenda nos Campóns
1653/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a dona MLLG e outros para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Os Campóns, Sigrás, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de pinos e eucaliptos a menos de 50 metros dunha edificación
1654/2018	13/08/2018	Denuncia por maleza excesiva e árbores en finca colindante á súa propiedade sita en Canal, Cecebre
1655/2018	13/08/2018	Concesión de prazo para presentación da documentación previa á adxudicación tras baixa temeraria a Hebe Sport, S.L.
1656/2018	13/08/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 38.035,65 euros
1657/2018	13/08/2018	Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dende o día 15 ao 20 de agosto de 2018, ambos os dous incluídos
1658/2018	13/08/2018	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de BSL e DST
1659/2018	13/08/2018	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de TLB e LIDA
1660/2018	13/08/2018	Autorización de venda ambulante ocasional nas festas de Cambre. Solicitante: MVCB
1661/2018	13/08/2018	Transmisión do dereito de uso privativo das urnas centrais 10 A,B e C e 11 A, B e C a prol de dona EGV e dona IGV, respectivamente
1662/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de RBRO para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Pena da Nosa Señora, Cambre, - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de piñeiros e eucaliptos a menos de 50 metros dunha edificación
1663/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a dona MdelPVP e outros para a roza da maleza existente na finca sita na rúa Cruceiro, Cambre
1664/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a HGL, S.A. para a roza da maleza existente na finca sita en Espírito Santo, Cecebre
1665/2018	13/08/2018	Declaración de ineficacia a comunicación previa presentada para o modificado da vivenda sita na Pagueira, Brexo. Solicitante: JARL
1666/2018	13/08/2018	Denuncia existencia de malezas na finca colindante á súa sita en estrada Espírito Santo, Cecebre
1667/2018	13/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de RBRO



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Pena da Nosa Señora, Cambre, - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de piñeiros e eucaliptos a menos de 50 metros dunha edificación
1668/2018	13/08/2018	Organización, xunto co Club Ciclista Cambre, do XIV Roteiro BTT das Mariñas
1669/2018	13/08/2018	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións
1670/2018	13/08/2018	Recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas con reparos da intervención municipal por importe de 110.454,98 euros
1671/2018	13/08/2018	Autorizar a transmisión do dereito de uso privativo sobre as urnas sinaladas cos números 122, fila 1, letra A e 225, letra B, nos panteóns perimetrais do cemiterio municipal de Cambre, a prol de don JVM
1672/2018	14/08/2018	Denuncia que a finca sita en Peiraio, ten maleza e solicita que se limpe en cumprimento da Lei 3/2007
1673/2018	14/08/2018	Denuncia a JDGB e MPD por rehabilitación e reforma da vivenda sita en Gosende, Andeiro
1674/2018	14/08/2018	Licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar na Rocha, Anceis promovido por MTV Arquivo expediente 2017/i002/99 e incoacion expediente reposicion legalidade por construción de cerramento sen licenza
1675/2018	14/08/2018	Denuncia por árbores en fincas colindantes que invaden a súa propiedade sita no Pinar, Meixigo
1676/2018	14/08/2018	Licenza obra demolición construción en lugar Peiraio promovido por ACE
1677/2018	14/08/2018	Solicitude acondicionamento camiños e fincas para roza e maleza na finca colindante á sita en Souto de Seoane, Anceis
1678/2018	14/08/2018	Autorización e disposición de gastos mediante o sistema vales de pedido
1679/2018	14/08/2018	Ordenación de pagamentos correspondente á resolución de alcaldía núm. 1656/2018 de 13 de agosto de 2018
1680/2018	14/08/2018	Ordenación de pagamentos correspondentes á resolución de alcaldía núm.1670/2018 de data 13 de agosto de 2018
1681/2018	14/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a dona MdelosDAP e os herdeiros de RLAP para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Galiñeiros, Cecebre
1682/2018	14/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a dona MLCA, dona MdelPCA e dona MJCA rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita no Canal, Cecebre
1683/2018	14/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a A, S.A. para a roza da vexetación existente na finca sita na estrada de Cambre ao



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Temple
1684/2018	14/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de AMM para rectificar as seguintes deficiencias detectadas nas fincas sitas en Coido, Brexo
1685/2018	14/08/2018	Iniciar expediente de orde de execución a don JMLP para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na finca sita no Vilar, Anceis
1686/2018	14/08/2018	Recoñecemento extraxudicial de créditos correspondentes a facturas por importe de 52.515,95 euros
1687/2018	14/08/2018	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xullo de 2018 e o seu pagamento
1688/2018	14/08/2018	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 13542,48 euros

3º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibiu á Asociación de Veciños de Andeiro para tratar varios temas que afectan á devandita parroquia.
- Acudiu á inauguración do novo centro social de Meixigo.

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres día 17, trasladouse ao Centro de Formación de Espírito Santo, para facer entrega de unhas grellas ás Asociacións Virxe de Lourdes de Altamira e Meixigo.
- O sábado día 18, foi invitada á inauguración da casa do Pobo de Meixigo; a continuación trasladouse á localidade de Corme-Ponteceso, onde ás 22:30 horas asistiu en representación do Concello de Cambre a una obra de zarzuela interpretada pola coral de Cambre, estando presente o alcalde e o tenente alcalde de citada localidade.
- O domingo día 19, ás 11:00 horas, acudiu como invitada pola Asociación Virxe de Lourdes de Altamira-Anceis á súa festa patronal participando na súa procesión; ás 20:00 horas trasladouse ao anfiteatro de Cambre onde actuaba a Coral de Cambre, representado unha zarzuela.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- Sábado día 18 asistiu á inauguración da Casa do Pobo de Meixigo.



Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores día 15 realizouse o Torneo Municipal de Fútbol no campo de fútbol Dani Mallo. Asistiu á entrega de trofeos xunto co alcalde Óscar García Patiño.
- Mércores día 15 realizouse a XXIX Carreira Popular de Cambre. Asistiu á entrega de trofeos xunto co alcalde Óscar García Patiño.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Organización e realización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2018 e 2019. Expediente número 2018/C004/000010
- Adxudicación do servizo consistente na redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre a prol do licitador “Oficina de Planeamiento, S.A. (OPSA)” (Expediente 2017/C004/000007), con NIF A-15030422 e domicilio na rúa Juan Flórez nº 106, 19ª A, 15005 A Coruña, no prezo ofertado 320.000,00 euros sen IVE e 387.200,00 euros IVE incluído. Expediente: 2017/C004/000007
- Execución de reordenación Parque Igrexa e mellora de peche existente en Cambre. Lote 1. Expediente núm. 2018/C002/000180CM.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación: Organización e realización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2018 e 2019. Expediente número 2018/C004/000010

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 17 de agosto de 2018, pola coordinadora en funcións de Servizos Sociais municipal elaborouse a memoria xustificativa da necesidade, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia e condicións de execución e mailo prego de prescricións técnicas para a contratación da organización e realización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2018 e 2019.

No informe técnico consta como criterio de adxudicación o prezo, outorgando 100 puntos ao prezo máis baixo, e desde aí aos restantes proporcionalmente.

Consta na memoria o orzamento base de licitación do contrato para os 2 anos, así como o valor estimado:



Base imponible:	30.912,14 €
IVE (10% hostalería):	2.295,76 €
IVE (21% outros servizos):	1.670,45 €
TOTAL:	34.878,35 €
Valor estimado do contrato (sen IVE):	30.912,14 €.

Xustifícase a non división en lotes do contrato en que a realización independente das diversas prestacións que constitúen o seu obxecto dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, isto de conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP.

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 17 de agosto de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 231.22611.

Consta a providencia do señor alcalde, de data 17 de agosto de 2018, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 20 de agosto de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello, de conformidade co establecido no artigo 25.2 l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "... *ocupación do tempo libre; promoción da cultura...*"), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C004/000010, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, correspondente ao servizo de «*Organización e realización da "Xuntanza do Maior" a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2018 e 2019*», cun valor estimado de 30.912,14 euros, e cun orzamento base de licitación de 34.878,35 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas obrante no expediente.



Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 34.878,35 euros, por conta da aplicación orzamentaria 231.22611.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación: Adxudicación do servizo consistente na redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre a prol do licitador “Oficina de Planeamiento, S.A. (OPSA)” (Expediente 2017/C004/000007), con NIF A-15030422 e domicilio na rúa Juan Flórez nº 106, 19ª A, 15005 A Coruña, no prezo ofertado 320.000,00 euros sen IVE e 387.200,00 euros IVE incluído. Expediente: 2017/C004/000007

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C004/000007 para a adxudicación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada, do servizo de redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre, cun orzamento base de licitación de 484.790,13 euros IVE incluído.

Vistos os informes emitidos polo Comité de Expertos designado no presente expediente, con data do 20 de xuño de 2018 e máis polo arquitecto municipal con data do 6 de xullo actual, de valoración dos criterios contemplados na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, respecto das ofertas admitidas a licitación, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, con data 20 de xullo de 2018, a prol da entidade “Oficina de Planeamiento, S.A.” (OPSA), con NIF A-15030422 e domicilio na rúa Juan Flórez nº 106, 19ª A, 15005 A Coruña, no prezo ofertado 320.000,00 euros sen IVE e 387.200,00 euros IVE incluído, por ser o licitador que acadou a maior puntuación, en aplicación dos criterios de axudicación que constan na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, pola memoria metodolóxica presentada (especialmente no tocante á información, diagnóstico e metodoloxía presentados), a mellor asistencia técnica ofertada (especialmente na eficacia na formación de planeamento, estrutura organizativa e coherencia interna, e oficina aberta na zona), e pola baixa ofertada respecto ao prezo de licitación, sen atoparse inicialmente incurso en presunción de baixa desproporcionada ou anormal.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

administrativas particulares, de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (por aplicación da disposición transitoria primeira, punto 1, da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se trañoen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24 do 26 de febreiro de 2014), este achegou en prazo a documentación requirida, segundo se deriva do informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 20 de agosto de 2018, acreditando a súa solvencia económica, financeira e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva do informe emitido polo arquitecto municipal con data de 13 de agosto de 2018.

Visto o informe de fiscalización emitido polo interventor municipal con data de 20 de agosto de 2018.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 20 de agosto de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar válida a licitación e, de conformidade cos acordos adoptados, con datas de 13 de abril e de 28 de maio de 2018, pola mesa de contratación designada ao efecto, admitir nela as ofertas presentadas polos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares que reñen a presente contratación:

- “Fernández Carballada e Asociados, S.L.U.”
- “Oficina de Planeamiento, S.A.” (OPSA)
- “Manuel Blasco García”
- “Calixto Escariz, S.L.U.”

Segundo: Aprobar, de conformidade co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 6 de xullo de 2018 e co acordo adoptado con data de 20 de agosto de 2018 pola Mesa de Contratación designada no presente expediente, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (memoria metodolóxica, mellor asistencia técnica e oferta económica):

LICITADORES	Fase I	Fase II	TOTAL LICITACIÓN
OFICINA DE PLANEAMIENTO SA	71,00	20,00	91,00
FERNANDEZ CARBALLADA E ASOCIADOS SLU	56,00	15,97	71,97
CALIXTO ESCARIZ SLU	27,00	18,18	45,18



MANUEL BLASCO GARCIA	26,00	18,82	44,82
----------------------	-------	-------	-------

Terceiro: Adxudicar, de conformidade co acordo adoptado con data do 23 de xullo de 2018 pola Mesa de Contratación designada no presente expediente, o servizo consistente na redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre (Expediente 2017/C004/000007) a prol da entidade "Oficina de Planeamiento, S.A." (OPSA), con NIF A-15030422 e domicilio na rúa Juan Flórez nº 106, 19ª A, 15005 A Coruña, no prezo ofertado 320.000,00 euros sen IVE e 387.200,00 euros IVE incluído, por ser o licitador que acadou a maior puntuación, en aplicación dos criterios de axudicación que constan na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e co establecido no art. 156.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (por aplicación da disposición transitoria primeira, punto 1, da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se trapañen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24 do 26 de febreiro de 2014), non podendo efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se tivese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso tivese levantado a suspensión.

A formalización do contrato publicarase no DOUE, no BOE, BOP e no Perfil de Contratante – Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (art. 154 Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

Quinto: Designar responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e de conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, ao arquitecto-xefe da Sección de Planeamento e Xestión do Concello de Cambre, don José Ramón Díaz Barbeito, ao que lle corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordos aos licitadores e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (www.contratosdeg Galicia.gal), de conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de acordo cos artigos 44 e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

seguintes da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en aplicación da súa disposición transitoria primeira, punto 4, segundo parágrafo) e cláusulas 16 e 33 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, contra os presentes acordos poderá interpoñer o recurso potestativo especial en materia de contratación previo á interposición do recurso contencioso-administrativo.

O recurso especial poderá interpoñerse no prazo de quince días hábiles (art. 50 Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014), sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso se substanciará conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato e máis ao Departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Aprobación do expediente de contratación: Execución de reordenación Parque Iglesia e mellora de peche existente en Cambre. Lote 1. Expediente núm. 2018/C002/000180CM.

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de agosto de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“En xullo de 2018 elaborouse por dona Patricia Muñiz Nuñez e don Luciano González Alfaya o “Proxecto básico e de execución de reordenación Parque Iglesia e mellora de peche existente en Cambre. Lote 1+lote 2” cun orzamento total de 29.752 €, sen IVE, 36.000 €, IVE incluído, sendo obxecto deste procedemento de contratación menor o lote 1, cun orzamento total de 18.616,99 €, sen IVE, 22.526,55 €, IVE incluído.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con data 14 de agosto actual emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente e polo alcalde, motivado na necesidade de demoler e adecuar o peche existente e construír o novo peche da zona que queda vencellado á Casa Reitoral, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

O informe-técnico de supervisión ao proxecto foi emitido con data 17 de agosto de 2018 polo arquitecto municipal concluíndo que *“se presta a CONFORMIDADE TÉCNICA PREVIA ao presente Proxecto para a “REORDENACIÓN PARQUE IGLESIA E MELLORA DE PECHES EXISTENTE EN CAMBRE. LOTE 1+ LOTE 2.”*

Con data 20 de agosto de 2018 emítase informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2018 171 61900 e de que a empresa/as ás que se ten previsto solicitar oferta non constan que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 20 de agosto de 2018 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

EMPRESAS
JARDINERIA ARCE SL
AREAS FORESTALES S.L.
SOLUCIONES TÉCNICAS DE OCIO S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO		
	OFERTA	BAJA	%
JARDINERIA ARCE SL	22.132,34	394,22	1,75
AREAS FORESTALES S.L.	22.526,56	0,00	0,00

formulando proposta de adxudicación *“das obras incluídas no Proxecto “Reordenación parque Igrexa e Mellora do peche existente en Cambre. Lote 1” á empresa JARDINERIA ARCE S.L., cunha oferta económica de 22.132,34€ (iva incluído), por presentar a oferta máis ventaxosa, sen que poida considerarse anormal ou desproporcionada”*.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Achégase ao informe a declaración responsable do licitador e certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da comunidade autónoma de Galicia expedido con data de 20 de agosto de 2018.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria accidental con data de 20 de agosto de 2018, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o proxecto de obras/memoria valorada da obra/servizo subministración correspondente a "Proxecto básico e de execución de reordenación Parque Iglesia e mellora de peche existente en Cambre. Lote 1+lote 2", cun orzamento para o lote 1 de 18.616,99€, sen IVE, 22.526,56, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 171 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000180, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato da obra da obra "Execución de reordenación Parque Iglesia e mellora de peche existente en Cambre. Lote 1", á empresa Jardinería Arce S.L., con CIF B15547979, domicilio en Manuel Murguía 4-6 entplt, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 18.291,19€ sen IVE, 22.132,34 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Óscar A. García Patiño

Verónica Maria Otero López